

O RESUMO 1

Responde ás preguntas e faimas chegar a anabelfernandezmelon@edu.xunta.es ou por wassap ao 605563364.

1. Como ben sabes, **resumir é expresar en poucas palabras un texto ou conxunto de accións**. Podemos resumir todo tipo de textos: só fai falta **seleccionar aquela información máis importante**. Vamos facer unha proba.
2. Eu podo explicaros cunhas poucas fotografías e nun texto resumido o meu día de onte:

Onte erguinme cedo e fun traballar na miña horta de Mondariz.



Estiven sachando as acelgas e estercando as roseiras, que xa están en flor.



Á tarde regresei a Pontearreas e dei un paseo pola praia fluvial da Freixa coa miña amiga Vero.



Cando cheguei a casa, agardaba por min a miña gata, que estaba un pouco enfadada porque a deixara soa todo o día.



3. Agora fai ti o mesmo. Se non queres facer fotos, podes deseñar uns cadriños, como se fose unha banda deseñada, para explicarme que fixeches calquera un destes días. As imaxes deben ir acompañadas dun texto onde resumas as accións ou eventos máis importantes que sucederon no teu día, **para que eu poida imaxinar o día completo.**
Adiante!